

## 8. HOSPITAL DIXITAL SEGURO

Desenvolvemento de solucións tecnolóxicas capaces de **optimizar a xestión na contorna hospitalaria** con base en utilidades dixitais:

- Elaboración dunha base metodolóxica sólida de **xestión integral da seguridade da información**, apoiada nun sistema de xestión da calidade no eido das tecnoloxías da información que garanta uns resultados previsibles e comparables.
- Creación dun **laboratorio de seguridade da información** que permita unha visión innovadora e unha áxil adopción de mellores prácticas importadas de outros ámbitos de actividade.
- Implantación dun **sistema integral de xestión de dereitos e solicitudes** no eido da Lei orgánica de protección de datos (LOPD 2.0).
- Melloras no **Dispositivo do Botón de Alerta (ACUDE)** por parte dos profesionais en caso de agresión.

As probas piloto repartíronse por paquetes de traballo en centros das **7 Estruturas Organizativas de Xestión Integrada (EOXI) de Galicia**.